

## Iván o emigrante

“Síntome moi raro neste pobo”, pensei cando, xa instalados, fun dar una volta. O meu país, Argentina, estaba moi lonxe, o outro lado do océano. Os meus amigos de sempre non estaban, nin tampouco a bicicleta, que non cabía na maleta, nin *Tiburón*, o meu can, que agora vivía coa miña avoa. Púsenlle este nome porque tiña una fileira de dentes moi finos, finísimos, que mostraba a todo o que se achegaba; e iso que era máis pequeno cun merlo, pero valente como un taurón. Coitado Tiburón, quedouse en Bos Aires.

Desde a estación do tren, subíramos a pé ata o Barrio. Según me dixeran, alí viviríamos. Subindo pola estrada, cunha calor de xulio que sofocaba, topamos unas casiñas moi xeitosas, pero aquilo todavía non era o noso pobo. Para chegar tiñamos que atravesar algunhas rúas máis.

Foi cando vin a casa. Era alta, tiña uns catro pisos. Non había balcóns e a fachada era verde. Entramos na escaleira. Na portería de Bos Aires había un espello enorme e unhas butacas para aqueles que esperaban a algún veciño, poideran sentarse. Aquí non había nada diso, pero polo menos os meus país terían chollo, dicían; alí xa nos podíamos vivir.

En canto me deron permiso saín da casa para dar una volta. Subín polo que parecía unha rambla. Había una fileira de arbres nos costados, era máis ancha que a rúa on estaba a miña nova casa, os coches non podían pasar e había uns bancos en cada seu lado con grupos de homes e mulleres falando. Os rapaces corrían dun lado ó outro xogando á pelota ou montando na bici. Parecían felices. Pensei nos meus amigos de Bos Aires. Sentíame moi triste, gustárame estar na casa. Nunha esquina puña “Torrent Santa Anna”. Que quere dicir “torrent”? –preguntábame. Os meus país dixéranme que tiña que aprender unha nova lingua. Pode ser que quixera dicir “rúa”.

Subindo atopei unha praza. Estaba chea de nenos xogando ó fútbol, e un pequeno grupo ó baloncesto. Acerquéime a modo. Senteime nun banco. Miraba como se divertían. Botaba de menos ós meus amigos de Bos Aires.

- Queres xogar?- escoitei unha voz nunha esquina que me fixo sair da morriña.
- Como te chamas?- continuou-, eu chámome Mohamed
- Iván
- Queres xogar? Nós somos dous contra un, e fáltanos un xogador, insistiu.
- Si, claro.

Gústame xogar ó fútbol. En Bos Aires facíao cada tarde cos amigos. Son bo, moi bo, e deseguida o superon.

Daquel primeiro día, lémbrome que volví a miña nova casa con menos mágoa da que sentía cando saín dela. Eran as vacacións de verán dos nenos dese pobo, e xa quedara para facer

unhs cantos chutes á mañán seguinte. Aquel parque chamábase A petanca, e xa coñecía a Mohamed, a Mussa e a Alberto.

Tres días despois tiveron unha sorpresa. Estabamos xogando ó fútbol cando a pelota saíu do campo, hacia unha zona onde había columpios. Por non ter que ir buscala, desde un banco gritei a unha rapaza que estaba preto da pelota:

- Eh, nenaj Pódesme pasa-la pelota?
- Non te escoita -díxome unha voz o meu carón-, é sorda. Ha de poder verte para ler os teus labios
- E ti quen eres?- preguntéille sorprendido.
- Son amiga súa. Chámome Tania

Tania dirixíuse onde estaba Claudia. Tocoulle nas costas e Claudia virouse. Despois fíxolle xestos coas mans e a nena foi busca-la pelota. Quedei pasmado: Claudia era a nena máis fermosa que vira na miña vida. Era tan alta coma min, rubia, cuns ollos verdes que hipnotizaban. Era preciosa.

Tania deume a pelota, pero eu non me podía mover. Era tan guapa!

-Que estás mirando?- díxome Tania.

- Queres xogar á pelota? Eu, non quería marchar

Tania foi a xunta Claudia e con xestos preguntoullo, e ela dixo que si. Os meus amigos puxeron unha cara rara pero despois de cinco minutos xa estabamos xogando todos ó fútbol. Souben que Claudia e Tania falaban na lingua de signos catalana. Non era o idioma que os meus pais me dixeran que tería que aprender; era unha outra lingua! Éche curioso este pobo! -pensei.

Quince días despois xa sabía moitas cousas. Mohamed viñera de Marrocos; e Mussa de Gambia. Alberto nacera no pobo, pero a súa familia veu de Andalucía, Tania e Claudia eran de aquí e os seus pais tamén. Entre todos falaban unha enchente de linguas: o catalán, o castellán, o árabe, o diola e o inglés, e ademais, a lingua de signos. Era ben curioso este pobo.

Un día Tania, propuxo colle-las bicicletas. Sabía dun lugar do pobo onde o seu irmán iba a miúdo. Explicou que estaba cheo de montañas para facer saltos, e rampas de madeira, e aínda máis, había unha piscina de espuma. Maldecín por deixala en Bos Aires! Pero tiveron sorte, Mussa deixoume a do seu irmán. Fomos ó bicipark La Poma e aquilo deixoume alucinado, non mo podía imaxinar. Para empezar, xusto ó lado, había dous campos de fútbol de herba! Dous campos! Non mo podía crer.

E no biciparc uns rapaces máis vellos, duns quince anos, saltaban e facían piruetas no aire, outros carreiras e parecían gacelas, e uns cuantos estaban noutra zona practicando trial.

- Este pobo ten de todo! gritei entusiasmado.
- Pois todavía non o viches todo –díxome Tania- . O meu irmán tamén va ó skate, por ahí abaixo, detrás do instituto.
- O skate? Onde?

Fomos correndo. Quedei fascinado con tantas cousas novas. Un grupo de rapaces tirábanse a unha piscina baleira cun patinete; un despois do outro. Facían reviravoltas no aire e deslizábanse axilmente.

- É sensacional-dixen mentras me viraba para Claudia. Tania ensinárame algunhas palabras na lingua dos signos. Todos nos comunicábamos con ela. Era fermosísima.

Outro día fomos merendar a casa de Alberto. A súa avoa preparounos un pastel e mentras comíamos, preguntoume como me atopaba. Tocoume o cabelo e explicounos que aínda recordaba o día que chegou ó pobo desde Andalucía. Foron vivir ó barrio de Los Remedios. Non había auga corrente e tiñana que ir buscar con caldeiros a un pozo da Avenida San Pedro, que estaba bastante lonxe. Chegou un momento en que os vecinos organizáronse e construíron unhas tuberías para que poidera chegar ata as casas. Tamén nos contou que para chegar ata ó pobo tiñan que cruzar o Torrente Castells por unha ponte, e que máis dunha vez a forza da auga leváraa río abaixo. Que tempos aqueles! Todo cambiara moito!

Ó final do verán xa tiña vivido unha chea de experiencias que explicaba ós amigos de Bos Aires cando me conectaba no Messenger. Non so crían, que houbera dous campos de fútbol de herba, nin un paraíso para as bicis e un parque de patíns tan fantástico como o de Bos Aires. Tampouco que existira a nena máis guapa do mundo, Claudia. Todos a querían coñecer!. “ Trobo a faltar ós meus amigos e a Tiburón, pero Premiá de Dalt tamé está moi ben”- pensei.

Os días foron pasando e chegou o momento de empeza-lo colexio.

- A que colexio irás? Preguntoume Mohamed.
- Díxéronme que irei ó Santa Anna- respondín
- Eu e máila Tania tamén! Iremos xuntos! O Alberto e Mussa van ó Marià Manent
- E a Claudia?
- Non, Claudia vai a Barcelona – dixo Tania- Vai a un colexio onde os profesores falan na lingua de signos.

A noticia caiume enriba como unha xerra de auga freda. Lonxe de Premià? Claudia? Non mo podía crer! Estaba moi enfadado! Como podía ser que Claudia non viñera o noso colexio?

- Non te preocupes –díxome Claudia- podemos quedar os sábados na Petanca. Pareceche?
- Vale.
- Gústame este pobo. Hai xente de tódolos lados. Alguns viñeron fai moitos anos. Outros fai pouco. Algúns son de aquí e non se moveron nunca; outros en cambio, teñen que marchar para ir ó colexio. Éche curioso este pobo, pero é fermoso, moi fermoso.
-